

AVALIACIÓN DE RISCOS
6ª PROBA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN O-PÉ
MONTE GRANDE Concello de Bande Ourense
23 / 10 / 2021

PREVENCIÓN DE RISCOS - INSTRUCCIÓN DE SEGURIDADE

- 1.- Os orientadores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de orientación a pé.
- 2.- No caso dos menores de idade, os clubs respectivos son os responsables de inscribir aos seus orientadores ao percorrido apropiado ó seu nivel físico e técnico.
- 3.- Unha vez efectuada a avaliación dos riscos específicos para esta proba, a celebrarse o sábado 23 de outubro de 2021, informase especialmente sobre o seguinte:
 - * **CAZA:** A Consellería de Medio Rural autoriza celebración da proba, polo que non autorizará batidas nesa zona. O SEPRONA, pola súa parte, tamén notificou ao coto de caza da celebración do evento.
 - * **TERREO:** Monte Grande non presenta perigos reseñables para á práctica de orientación. Non existen grandes cortados, nin valados de aramio.
 - * **GANDO:** Aínda que non soen estar nesa zona concreta, si é posible atopar algún pequeno grupo de cabalos. De ser así, procuraremos deixarlles espazo e non molestalos.
 - * **TRÁFICO:** Toda a zona de carreira é monte forestal, únicamente se espera o tráfico debido ao propio evento. Aínda así, deberase circular con

precaución; a pista de acceso ten o firme de grava irregular nos derradeiros 2,5 kilómetros.

* **ESTACIONAMENTO:** Os vehículos se estacionarán ao chegar á zona de concentración á beira da mesma pista de acceso que o Concello de Bande prestouse a desbrozar. O espazo é escaso e haberá que aproveitalo ao máximo.

* **ANDAINA:** O mesmo día da proba está convocada pola plataforma STOP EÓLICOS CELANOVA XURÉS unha andaina-protesta contra o proxecto de instalación dunha ducia de aeroxeneradores no Monte Grande. A partida desta marcha será as 10:00 da Praza Maior de Bande e coincide na súa ruta nos primeiros 2,5 km co acceso á zona de concentración da proba de orientación. Por iso decidiuse, coa autorización do xuíz controlador, adiantar a hora de comezo da carreira ás 10:00 da mañá. Non se espera afluencia masiva a dita andaina, pero aconsellamos aos corredores que anticipen a súa chegada a zona de carreira para non coincidir cos participantes na marcha. Aínda así, haberá que extremar as precaucións.

* **PROTOCOLO FISICOVID-DXT GALEGO FEDERADO:** Seguiranse todas as directrices de dito protocolo